



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA EN SUBSTITUCIÓN DA ORDINARIA DO MES DE XANEIRO DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 19 DE FEBREIRO DE 2021.

ASISTENTES

GRUPO POLÍTICO

ALCALDE, que preside:

D. Carlos Vieitez Fernández

PP

CONCELLEIROS

D. Ramón Tilve Castro

PP

D^a María Estévez Barbeito

PP

D. Ángel Currás Pérez

PP

D^a M^a Dolores Balboa Lores

PP

D. Ramón Alfonso Piñeiro

PP

D. José Manuel Ásperez Montes

MI

D^a Cristina Castro Pintos

MI

D. M^a Pilar Prado González

MI

D. Alberto González Dopazo

MI

D^a Estefanía Silva Silva

MI

D^a Ana Belén García Piñeiro

PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña

PSdeG-PSOE

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 19 de febreiro de 2021, previa convocatoria, reúnese de xeito telemático, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria en substitución da ordinaria do mes de xaneiro, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2020.

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2020.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente, o Sr. Ásperez Montes, quen, en síntese, sinala que puideron comprobar que non se está a reflexar nas actas a imaxe fiel do que se dí nos plenos, hai afirmacións e conclusións que logo non aparecen en acta, engade que nunha acta anterior non se refletiu unha afirmación do alcalde que resultou ser falsa. Así mesmo manifesta que teñen acceso á documentación con pouco tempo para estudala, insistindo en que se terán que abster si non teñen acceso a documentación nun tempo razonable.

Sometida o borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2020 a votación, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións dos membros do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente e oito votos favor, queda aprobada.





Concello de Meaño

2º.- RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ASINADO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19. (EXP. 1070/2020)

O Sr. alcalde fai referencia á proposta da Alcaldía en relación con este asunto que foi posta a disposición dos membros da Corporación e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, na que se ven a sinalar que

“A vista do CONVENIO ASINADO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAM) PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19 e dado que o prazo de adhesión remataba o día 30 de decembro de 2020, esta Alcaldía ditou a seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: CONVENIO ASINADO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAM) PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.

Vistas as competencias que a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos Concellos e o Informe sobre a titularidade das competencias en materia sancionadora en relación co COVID-19 do director da asesoría xurídica Xeral da Xunta de Galicia de 25/09/2020.

Visto o Convenio asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAM) para a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19.

Considerando que, o devandito convenio ten por obxecto instrumentar a encomenda de xestión polos distintos concellos galegos incluídos no ámbito subxectivo de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

Considerando que, ante dificultade existente dada a falta de recursos, tanto humanos como materiais, do Concello de Meaño para tramitar os procedementos sancionadores en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19 a adhesión ao citado convenio suporía a posibilidade de axilizar a tramitación dos referidos expedientes sancionadores no ámbito de competencia municipal.

Considerando que, ao abeiro do artigo 22.2.p) en concordancia co artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local é competencia do Pleno a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas.


Considerando que, o prazo para solicitar a adhesión remata o día 30 de decembro de 2020.

Considerando que, ao abeiro do artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local é competencia da Alcaldía, o exercicio, en caso de urxencia, de accións administrativas en materias de competencia do Pleno; dando conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

A vista do que antecede, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVE:

1º.- Solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19.

2º.- En consecuencia co anterior manifestar a vontade do Concello de Meaño de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición a





Concello de Meaño

todas elas.

3º.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

Manda e asina o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, en Meaño ante a secretaria-interventora D^a M.^a Teresa Escudero Barral, que dou fe.”

Dado que a mesma debe ser ratificada polo Pleno da Corporación, segundo se sinala no corpo da mesma, esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente a súa ratificación a vez que lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de data 30 de decembro de 2020 e cuxo texto figura na parte dispositiva deste acordo.

2º.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura dos documento derivados do presente acordo e do devandito Convenio.”

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta a Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seu membros, acorda aprobar a devandita proposta:


1º.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de data 30 de decembro de 2020 e cuxo texto figura na parte dispositiva deste acordo.

2º.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura dos documento derivados do presente acordo e do devandito Convenio

3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SI PROCEDE, DO DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL-DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 674/2018)

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación que a vista da solicitude presentada polo voceiro do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente, o Sr. Ásperez Montes, de exclusión da orde do día deste punto e que sexa posposto o seu debate e votación para a aprobación no vindeiro Pleno ordinario no mes de marzo e se lles de acceso á información de maneira ininterrompida durante este tempo, vaise a proceder segundo se indica o ROF; procedendo a Sra. secretaria-interventora a dar lectura ao artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que dí *“Cualquier concejal podrá perder durante el debate la retirada de algún expediente incluído en el orden del día, a efectos de que se incorporen al mismo documentos o informes, y también que el expediente quede sobre la mesa, aplazándose su discusión para la siguiente sesión. En ambos casos, la petición será votada tras terminar el debate y antes de proceder a la votación sobre el fondo del asunto. Si la mayoría simple votase a favor de la petición no habrá lugar a votar la propuesta de acuerdo.”*, engadindo que procede o debate e posteriormente a votación sobre a petición formulada polo Sr. Ásperez Montes e, de non prosperar, procede a votación sobre o fondo do asunto.

Dada conta polo Sr. alcalde-presidente da proposta de acordo que se formula ao Pleno da Corporación en relación con este asunto, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e





Concello de Meaño

desenvolvemento sostible:

“1º.- Estimar/desestimar as alegacións formuladas, no período de información pública ao expediente da Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, por:

* D^a M^a Isabel Álvarez Muñiz (Rex. Entrada 05-03-2020, n.º 2020-E-RC-830)

* D. Miguel Ángel Sánchez Campos, en nome propio e en representación da Asociación Galega de Distribuidores de Gasoleo (Rex. Entrada 05-03-2020, n.º 2020-E-RE-142)

* D. Mario Fernández Varela e D. Marcelino Buceta Caneda, en nome e representación de Prefabricados Dena, S.L. (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RC-860)

* D. Ramón Tilve Castro, en nome e representación do grupo de goberno municipal (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RC-870)

* D. José Manuel Ásperez Montes, como representante do grupo de concelleiros da Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RE-147)

* D^a Eugenia García Castro, D^a Victoria Eugenia Piñeiro Muñiz, D^a María Piñeiro Cobas e D^a Efigenia Piñeiro Cobas (Presentado na oficina de Correos o día 09-03-2020, Rex. Entrada 10-03-2020, n.º 2020-E-RC-907)

nos termos do informe das alegacións presentadas á aprobación inicial, que consta no Anexo 7º da Memoria Xustificativa do Documento para aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por Beatriz Piñeiro Gondar, avogada, Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, e Roy Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial datado en xaneiro 2021; asumindo as propostas de resolución contido no mesmo.

2º.- Aprobar provisionalmente, ao abeiro do 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 144.13 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o Documento para aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por Beatriz Piñeiro Gondar, avogada, Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, e Roy Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial, datado en xaneiro 2021 e presentado en formato dixital na sede electrónica con data 18-01-2021 e en formato papel o 19-01-2021.

3º.- Dar traslado do Documento de aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, aprobado provisionalmente xunto co expediente, debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa aprobación definitiva.”


Deliberado este asunto sométese a votación nominativa, para evitar inseguridade no sentido do voto por problemas puntuais de conexión, a petición formulada polo Sr. Ásperez Montes de exclusión da orde do día deste punto, acadando o seguinte resultado:

- votos en contra da retirada deste asunto do orde do día: 8 (dos membros non adscritos da Corporación e dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)

- votos a favor da retirada deste asunto do orde do día: 5 (dos membros do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente).

Non acadando a maioría simple a devandita solicitude, de seguido sométese a votación nominativa a proposta de acordo, acadando o seguinte resultado:

- votos a favor da proposta de acordo: 8 (dos membros non adscritos da Corporación e





Concello de Meaño

dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE)

- votos en contra da proposta de acordo: 5 (dos membro do Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente)

Polo que o Pleno da Corporación, por oito votos a favor e cinco en contra, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, acorda:

1º.- Estimar/desestimar as alegacións formuladas, no período de información pública ao expediente da Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, por:

* D^a M^a Isabel Álvarez Muñiz (Rex. Entrada 05-03-2020, n.º 2020-E-RC-830)

* D. Miguel Ángel Sánchez Campos, en nome propio e en representación da Asociación Galega de Distribuidores de Gasoleo (Rex. Entrada 05-03-2020, n.º 2020-E-RE-142)

* D. Mario Fernández Varela e D. Marcelino Buceta Caneda, en nome e representación de Prefabricados Dena, S.L. (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RC-860)

* D. Ramón Tilve Castro, en nome e representación do grupo de goberno municipal (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RC-870)

* D. José Manuel Ásperez Montes, como representante do grupo de concelleiros da Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente (Rex. Entrada 06-03-2020, n.º 2020-E-RE-147)

* D^a Eugenia García Castro, D^a Victoria Eugenia Piñeiro Muñiz, D^a María Piñeiro Cobas e D^a Efigenia Piñeiro Cobas (Presentado na oficina de Correos o día 09-03-2020, Rex. Entrada 10-03-2020, n.º 2020-E-RC-907)

nos termos do informe das alegación presentadas á aprobación inicial, que consta no Anexo 7º da Memoria Xustificativa do Documento para aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e suscrito por Beatriz Piñeiro Gondar, avogada, Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, e Roy Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial datado en xaneiro 2021; asumindo as propostas de resolución contido no mesmo.

2º.- Aprobar provisionalmente, ao abeiro do 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 144.13 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o Documento para aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e suscrito por Beatriz Piñeiro Gondar, avogada, Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, e Roy Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial, datado en xaneiro 2021 e presentado en formato dixital na sede electrónica con data 18-01-2021 e en formato papel o 19-01-2021.





Concello de Meaño

3º.- Dar traslado do Documento de aprobación provisional-definitiva correspondente á Modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, aprobado provisionalmente xunto co expediente, debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa aprobación definitiva.

4º.- TOMA DE RAZÓN E EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 303/2020 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO ORDINARIO N.º 0000357/2019, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 4 DE PONTEVEDRA. (EXP. 659/2020)

O Sr. alcalde-presidente a vista da sentenza n.º 00303/2020, ditada pola Maxistrada Xuíz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, con data 27 de outubro de 2021, en relación co procedemento ordinario 0000357/2019 pola que se declara o carácter indefinido da relación laboral a traballadora D^a Milagros Alfonsín Dopazo e do informe emitido pola secretaria-interventora, con data 15 de xaneiro de 2020, da conta da proposta de acordo que se formula ao Pleno da Corporación en relación con este asunto, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas:

“1º.- Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral da traballadora D^a Milagros Alfonsín Dopazo no fallo contido na sentenza 303/2020, ditada pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatandoa e cumprindoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido non fixo da relación laboral da traballadora D^a Milagros Alfonsín Dopazo, como limpadora a tempo parcial, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo; coa adscrición temporal ao posto de traballo vacante de persoal laboral fixo, a tempo parcial, de limpadora da Escola infantil municipal 0-3 anos, incluído no Cadro de Persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2019 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2019, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 09-05-2019; coas retribucións ao mesmo asignadas.”

Deliberado este asunto e sometida a proposta de acordo a votación nominal, polas razóns sinaladas no punto anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (dos membros non adscritos da Corporación e dos membros do Grupo Municipal MI) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE), acorda:

1º.- Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral da traballadora D^a Milagros Alfonsín Dopazo no fallo contido na sentenza 303/2020, ditada pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatandoa e cumprindoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido non fixo da relación laboral da traballadora D^a Milagros Alfonsín Dopazo, como limpadora a tempo parcial, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo; coa adscrición temporal ao posto de traballo vacante de persoal laboral fixo, a tempo parcial, de limpadora da Escola infantil municipal 0-3 anos, incluído no Cadro de Persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento





Concello de Meaño

Municipal 2019 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2019, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 09-05-2019; coas retribucións ao mesmo asignadas.

5º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE TRANSPORTE ASISTENCIAL.(EXP. 729/2020)

O Sr. alcalde-presidente, da conta da proposta de acordo que se formula ao Pleno da Corporación en relación con este asunto, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas:

“1º/ Modificar as cotas/tarifas da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Transporte Asistencial, reducíndoa nun 20%, para todos os desprazamentos , quedando como segue:

“Cotas/Tarifas.-

- Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 2,40 €/desprazamento completo ida e volta.
- Os restantes desprazamentos: 4,00 €/desprazamento completo ida e volta.

Deduccións no importe.-

1. Estes importes reduciranse polo desprazamento dunha parella ou máis dun membro da mesma unidade familiar ou de convivencia, gozan dunha deducción do 20 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en:

- Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 1,92 €/desprazamento completo ida e volta.
- Os restantes desprazamentos: 3,20 €/desprazamento completo ida e volta.

Estas deduccións só serán de aplicación aos residentes no termo municipal.

2. O titular do recibo terá dereito á deducción da cota á que se refire o punto primeiro, logo de solicitude dirixida ao Sr. alcalde/sa do Concello de Meaño á que achegará a documentación seguinte:

- a) Copia do DNI
- b) Certificado de convivencia/empadronamento.

3. No caso de non resultar acreditadas as circunstancias que dan dereito á deducción, o Concello, logo de audiencia ao interesado, dictará a oportuna resolución denegándoa.

4. A deducción será practicada no seguinte mes da solicitude e acreditación das circunstancias que dan dereito a deducción, a partir de que esta sexa efectiva.

5. Calquera modificación das circunstancias que deron lugar ó aproveitamento da deducción deberá ser comunicado polo interesado ao Concello. A perda do dereito a deducción será efectiva a partir do período seguinte de recibo ó que a devandita modificación teña lugar.

Entrada en vigor e comenzo de aplicación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”





Concello de Meaño

2º Aprobar provisionalmente a modificación das cotas/tarifas da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Transporte Asistencial, nos termos sinalados.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Meaño e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

Deliberado este asunto e sometida a proposta de acordo a votación nominal, polas razóns que se veñen sinalando, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (dos membros non adscritos da Corporación e dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (dos membros do Grupo Municipal do MI), acorda:

1º Modificar as cotas/tarifas da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Transporte Asistencial, reducíndoa nun 20%, para todos os desprazamentos , quedando como segue:

“Cotas/Tarifas.-

Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 2,40 €/desprazamento completo ida e volta.

Os restantes desprazamentos: 4,00 €/desprazamento completo ida e volta.

Deduccións no importe.-

1. Estes importes reduciranse polo desprazamento dunha parella ou máis dun membro da mesma unidade familiar ou de convivencia, gozan dunha deducción do 20 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en:

Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 1,92 €/desprazamento completo ida e volta.

Os restantes desprazamentos: 3,20 €/desprazamento completo ida e volta.

Estas deduccións só serán de aplicación aos residentes no termo municipal.

2. O titular do recibo terá dereito á deducción da cota á que se refire o punto primeiro, logo de solicitude dirixida ao Sr. alcalde/sa do Concello de Meaño á que achegará a documentación seguinte:


- a) Copia do DNI
- b) Certificado de convivencia/empadronamento.

3. No caso de non resultar acreditadas as circunstancias que dan dereito á deducción, o Concello, logo de audiencia ao interesado, dictará a oportuna resolución denegándoa.

4. A deducción será practicada no seguinte mes da solicitude e acreditación das circunstancias que dan dereito a deducción, a partir de que esta sexa efectiva.

5. Calquera modificación das circunstancias que deron lugar ó aproveitamento da deducción deberá ser comunicado polo interesado ao Concello. A perda do dereito a deducción será efectiva a partir do período seguinte de recibo ó que a devandita modificación teña lugar.

Entrada en vigor e comenzo de aplicación.-





Concello de Meaño

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º Aprobar provisionalmente a modificación das cotas/tarifas da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Transporte Asistencial, nos termos sinalados.


3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Meaño e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.

6º.- MOCIÓN DO PsdeG-PSOE REFERIDA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA FOMENTAR A NATALIDADE E O EMPADROAMENTO. (EXP. 1234/2018).-

O Sr. alcalde-presidente da conta da moción presentada por D. Manuel Radío Oubiña, con data 11-01-2021, n.º de rexistro 2021-E-RE-16, sobre a creación dunha ordenanza para fomentar a natalidade e o empadronamento coa proposta de acordo que se formula ao Pleno da Corporación en relación con este asunto, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas:

“Iniciar o expediente para creación dunha ordenanza para fomentar a natalidade e o empadroamento no Concello de Meaño, co estudio sobre a viabilidade da mesma, a redacción dun proxecto e posterior consulta pública nos termos do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica, na páxina Web do Concello de Meaño e a exposición do proxecto de regulamento no portal de transparencia.”

Deliberado este asunto e sometida a proposta de acordo a votación nominal, polas razóns que se veñen sinalando, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (dos membros non adscritos da Corporación e dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (dos membros do Grupo Municipal do MI), acorda iniciar o expediente para creación dunha ordenanza para fomentar a natalidade e o empadroamento no Concello de Meaño, co estudio sobre a viabilidade da mesma, a redacción dun proxecto e posterior consulta pública nos termos do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica, na páxina Web do Concello de Meaño e a exposición do proxecto de regulamento no portal de transparencia.





Concello de Meaño

7º.- MOCIÓN DO PsdeG-PSOE REFERIDA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. (EXP. 110/2019)

O Sr. alcalde-presidente da conta da moción presentada por D. Manuel Radío Oubiña, con data 11-01-2021, n.º de rexistro 2021-E-RE-16, referida á aprobación do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, coa proposta de acordo que se formula ao Pleno da Corporación en relación con este asunto, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible:

“Iniciar o expediente para a aprobación do Regulamento de protección contra a contaminación acústica que se achega como anexos, coa consulta pública nos termos do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica, na páxina Web do Concello de Meaño e a exposición do proxecto de regulamento no portal de transparencia.”

Deliberado este asunto e sometida a proposta de acordo a votación nominal, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (dos membros non adscritos da Corporación e dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (dos membros do Grupo Municipal do MI), acorda iniciar o expediente para a aprobación do Regulamento de protección contra a contaminación acústica que se achega como anexos, coa consulta pública nos termos do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica, na páxina Web do Concello de Meaño e a exposición do proxecto de regulamento no portal de transparencia.

8º.- ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA. (EXP. 166/2021)

Posta a disposición dos membros da Corporación da proposta da Alcaldía, que contempla o modelo de acordo de plenario para adherirse á iniciativa europea do pacto dos alcaldes polo clima e enerxía, na que se ven a sinalar que *“A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto das Alcaldías (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.*

A partir do éxito do Pacto das Alcaldías, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto das Alcaldías para o Clima e a





Concello de Meaño

Energía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;*
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;*

Ademáis, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Meaño recoñezo que o noso compromiso esixe:

- 1. Un liderado político forte:*
 - Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.*
 - Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;*
- 2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.*
- 3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:*
 - O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.*
 - O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*
- 4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.*
- 5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.*
- 6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.*

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu D. Carlos Veitez Fernández, alcalde desta Corporación, comprométo-me a:

